Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 1. MARZO DE 2017

Editorial

A Ulloa en cifras

ACTUALIDADE

—Entrevista co arquitecto Xurxo Salvador, un dos responsábeis da restauración do castelo de Pambre. *Por Daniel Salgado.*

—A indisciplina urbanística na Ulloa. *Por Sabela Pardo*

PATRIMONIO

—Vilar de Donas: a transformación da casa tradicional. *Por Divina Pérez Viña*

—Cabeceiras, os hórreos dos pobres. *Por Cristina Varela Cadabía.*

—Rastros románicos dunha orde militar en Marzán. *Por María José Gómez Alvite*

HISTORIAS

—Viva o Rei! Viva a Ulloa! Morra a Única! *Por Fernando Salgado*

—A aurora do porvir chega dende América. *Por Gregorio Ferreiro Fente e Emilia García López*

PERSOEIROS

—Un poema esquecido de Lorenzo Varela. *Por José Ángel García López*

—Manuel García Blanco, pioneiro da didáctica da lingua galega. *Por Xulio Pardo de Neyra*

—O 'Mintireiro Verdadeiro', medio século de literatura popular. *Por José de Castro*

—O último da Lira. *Por Pablo Pardo*

INTERVENCIÓN

—Santa Muller. *Por Patricia Coucheiro*





Entrevista:
Xurxo Salvador

XURXO SALVADOR. ARQUITECTO DO GABINETE DE ARQUITECTURA E URBANISMO QUE TRABALLOU NA RESTAURACIÓN DO CASTELO DE PAMBRE

"A SITUACIÓN DE RUÍNA Á QUE CHEGOU PAMBRE ERA LAMENTÁBEL, PERO AS INTERVENCIÓNS PÚBLICAS NO PATRIMONIO PRIVADO NON SON DOADAS"

/DANIEL SALGADO

O arquitecto Xurxo Salvador, do Gabinete de Arquitectura e Urbanismo, acompañou ao seu colega Juan Mario Crecente, autor do proxecto orixinal, na restauración do emblemático castelo de Pambre (Palas de Rei), propiedade do Goberno autónomo. «Crecente convidoume a participar na fase de dirección de obra», relata, «durante a que se desenvolveron dous proxectos máis en que tamén participei». Os traballos, produto dun concurso público da Xunta e que demoraron dous anos, remataron no inicio de 2016. Custaron 1.835.000 euros, aos que, expón Salvador, se sumaron despois obras non incluídas nese orzamento: reconstrución do hórreo dentro do recinto, sinalización, pararraios, iluminación e instalación da

exposición. Así, unha das poucas fortalezas medievais galegas que resistiron o asedio irmandiño abriu as portas ao público hai uns meses. Despois de décadas de irresponsábel abandono e incumprimento das leis de protección do patrimonio e, ao tempo, de protestas veciñais en defensa do ben común, Pambre volve ser de todas.

A seguir, o arquitecto responde vía correo electrónico ás preguntas de *Cairón*.

Coñecían o castelo antes de se encargar da obra? Coñecía o castelo por publicacións, pois as veces que procurara visitalo non fora quen de entrar. O meu compañeiro Mario Crecente xa fixera algúns estudos para intervir na limpeza de vexetación, saneamento de cubertas e instalacións básicas.

Cal é a importancia, histórica e arquitectónica, do castelo de Pambre? Este castelo é a fortificación máis salientable da Galicia Central, ademais de ser a única que se conserva entre as que abondaron na comarca. Outro valor é que pertenceu a unha das familias máis representativas da sociedade medieval galega, os Ulloa, que tamén chegaron a ter a súa influencia e máis aló do noso territorio, por exemplo en Valladolid ou Cáceres.

A súa importancia arquitectónica vese dende diferentes perspectivas. Para min, unha moi valiosa é o recoñecemento da evolución construtiva motivada polas necesidades de crecemento e a adaptación do sistema defensivo ás diferentes tecnoloxías bélicas. Deste xeito, vemos unha torre inicialmente exenta logo transformada en fortaleza e logo adaptada para residencia dos seus señores, mellorando as técnicas defensivas dos adarves. Despois amplíase a fortaleza e dótase dunha primitiva barreira artilleira con foxo para defendela do padrastro da zona de acceso e, en diferentes fases, complétase ata rodear todo recinto principal dotándoa de ata 20 troneiras. Todo isto amosa unha familia con moito poder que se desenvolve nun contexto social altamente belixerante. A fortaleza abeiraba construcións que foron atopadas nas escavacións arqueolóxicas e que merecen ser expostas para a mellor comprensión da súa actividade. Outros aspectos significativos son os modos de construír, as canteiras co rastro dos guindastres que aínda se poden ver, os aparellos de cantería e as marcas dos canteiros, as técnicas construtivas e de uso ou o amorear de auga nos alxibes, entre outras moitas.

En que estado de conservación o atoparon o lugar? Entendendo que a súa consideración era de ruína, tratábase dun edificio en que as estruturas principais se atopaban en xeral nun estado aceptable, aínda que existían situacións puntuais

cun alto risco de colapso. Refíro-me, por exemplo, ao desaparecido parapeto da torre da homenaxe, na súa cara de poñente, ou ao estado da barreira artilleira coa inestable esquina sueste ameazando derrubamento, ou aos desaparecidos tramos da barreira norte ou ao risco de colapso da zona da poterna polo empuxe das terras que alí se acumularan ao longo do tempo. A maioría destes problemas tiñan a súa orixe na vigorosa vexetación arraigada no interior dos muros ou na acumulación de terras transportadas polas escorrentas da auga da choiva.

Que opina de que un lugar destas características estivese en ruína? Laméntoo. A condición da propiedade seguramente inflúe en que se chegue a este tipo de situación. As intervencións públicas no patrimonio privado non resultan doadas. Cómpre acordar convenios, decote difíciles de acadar, e cada caso é diferente. Nun estado semellante a Pambre atópase o castelo de Castroverde que, ao carón do Camiño Primitivo –recentemente declarado Patrimonio da Humanidade–, é merecedor dunha actuación semellante á feita en Pambre.

Cales eran os obxectivos arquitectónicos do seu proxecto de restauración? O proxecto inicial marcou as liñas de actuación. Procurouse a conservación dos valores do monumento a partir da idea de «ruína consolidada» e convertelo en visitable para o público en xeral e para os investigadores en particular –con partes restrinxidas– e accesible para persoas con mobilidade reducida. A maiores, incluíanse servizos para o turismo, como un pequeno centro de interpretación e unha zona de restauración. A execución da obra supuxo modificacións substanciais, o que orixinou dous proxectos modificados que se desenvolveron sen perder de vista estes obxectivos.

Cales foron os traballos máis delicados ou de maior dificultade? O máis difícil foi, con moito, encaixar a obra no orzamento dispoñible. A intervención inicial viuse alterada por circunstancias como a ampliación da intervención arqueolóxica, a necesidade de levar a electricidade ata o lugar ou a reconstrución da muralla norte. Outra decisión difícil foi a eliminación das construcións desconformes co monumento, protexido polo *Decreto de Protección de los Castillos Españoles* de 1949, como por exemplo o hórreo e a «casa dos caseiros». Finalmente, a decisión apoiouse na necesidade de comprensión e revalorización do conxunto fortificado. Todas estas necesidades había que atendelas e encaixalas no orzamento previsto. Así, foi necesario tramitar oficialmente os citados proxectos modificados.

As administracións amosáronse colaboradoras? A Axencia de Turismo estivo sempre receptiva ás propostas que lle faciamos e aprobábaas para logo tramitalas coa Consellería de Cultura. Esta sempre se amosou moi comprometida coa obra, informou con dilixencia e mantivo o contacto coa intervención en todo momento, visitando os traballos en múltiples ocasións.

Cumpríronse os prazos dos traballos? Os traballos desenvolvéronse durante dous anos. O prazo ofertado inicialmente polo contratista era de nove meses. As obras estendéronse por varias razóns, entre as que foi salientable o mal tempo que coincidiu no arranque das obras, xusto cando se traballaba nas escavación arqueolóxicas. A atención ás novas necesidades xurdidas no desenvolvemento do proxecto e que supuxeron a tramitación dos dous expedientes modificados ou as propias dificultades de intervención e aprovisionamento produto da configuración do castelo tamén contribuíron á ampliación dos prazos.

Como foi a relación coa veciñanza de San Pedro de Pambre? Excelente.

A que usos se destinará o castelo restaurado? A restauración do castelo está pendente da exhumación dos restos arqueolóxicos atopados para expoñelos publicamente e mais da elaboración dos contidos relacionados cos novos estudos para a súa divulgación. O castelo servirá ao turismo e aos investigadores, e posibilitará o seu coñecemento, da época, da contorna e da familia que o fixo posible.

Acometeran algunha vez unha restauración destas características? Cal? Entendo que a pregunta se refire a actuacións en monumentos declarados Ben de Interese Cultural (BIC). A nosa oficina rehabilitou a igrexa de San Facundo de Ribas de Miño en Paradela, a Capela da Soedade do convento de San Francisco en Lugo, coordinou as obras de rehabilitación do Burgo Vello de Lugo e elaborou un estudo para a rehabilitación do castelo de Castroverde. Con Mario Crecente realizamos varias intervencións no Balneario e nas Termas Romanas en Lugo, e a rehabilitación da igrexa de Vilar de Donas en Palas de Rei. No que respecta a outros elementos catalogados, o noso estudio rehabilitou o Seminario Maior para colexio e residencia, o Pazo de Orbán e Sangro para Hotel-Monumento e recuperamos as fontes da Pinguela e de San Vicente, todo en Lugo.

CAIRÓN
Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 1. Marzo de 2017

COORDINA
Daniel Salgado

ESCRIBEN E FOTOGRAFAN
Cristina Varela Cadahía
Daniel Salgado
Divina Pérez Viña
Emilia García López
Fernando Salgado
Gregorio Ferreiro Fente
José Ángel García López
José de Castro
María José Gómez Alvite
Pablo Pardo
Patricia Coucheiro
Sabela Pardo
Xulio Pardo de Neyra

GRÁFICA
Numax

PRELO
Agencia Gráfica

DEP. LEGAL
LU 32-2017